

Unha historia real da vila

Gustaríame contar un feito que sucedeu fai cincuenta anos no municipio de Baiona. Daquela só existía o colexio de Cavaterreña. Eu cheguei de Montevideo donde a educación estaba a anos luz, e comecei a dar clases para obter o certificado de mariñeiro (daquela era o único no que se podía traballar na vila).

Un día veu as miñas clases un alumno moi complicado; estaba no que daquela era cuarto curso (inda que o pasaran de curso por idade, non por coñecemento), era o típico rapaz que sempre se sentaba na última fila e non facía caso o que dicía o profesor, que para el falaba en chino.

Era un rapaz orfo, que non tiña apoio de ningún tipo. Pouco a pouco fun conseguindo que se interesaxe por aprender. Cada vez ía aprendendo máis e mostrando máis interés, a súa mentalidade cambiou ata o punto de que quisu facer bacharelato. O seu obxectivo pasou a ser o de converterse en inxeniero na escola naval. Foi o sur do país, e comezou o primerio curso alí. Cando volveu de vacacións, abrazoume e contoume o contento e agradecido que estaba. Por desgraza, inxustizas que ten a vida, foron as súas últimas vacacións... unha cruel enfermidade levouno de este mundo. Pasaron moitos anos daquel feito, nin tan sequera recordó moi ben o seu nome... pero recordó os seus ollos cando entendeu por primeira vez que podía aprender e que lle gustaba o que aprendía.